

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

- 17279** *Real decreto 1184/2020, do 29 de decembro, polo que se establecen as metodoloxías de cálculo dos cargos do sistema gasista, das retribucións reguladas dos almacenamentos subterráneos básicos e dos canons aplicados polo seu uso.*

I

Cargos do sistema gasista

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 xullo de 2009, normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou, entre outros, o artigo 3.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e introduciu o concepto de cargo como un pagamento específico dos usuarios das instalacións destinado a sufragar os custos do sistema gasista que non estean directamente asociados ao seu uso e que se encontran enumerados no artigo 59.4.b da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, cuxo contido foi igualmente modificado polo citado real decreto lei.

O dito real decreto lei modificou tamén o artigo 92.2 da citada Lei 34/1998, do 7 de outubro, e atribuíu ao Goberno a competencia para determinar a estrutura e a metodoloxía de cálculo dos cargos conforme os principios do artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e outorgou ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a competencia de aprobar os valores concretos de aplicación, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Por último, a disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, determinou que, antes do 1 de xaneiro de 2020, o Goberno, por proposta do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará mediante real decreto as metodoloxías de cálculo dos cargos con suficiente antelación respecto da súa entrada en vigor.

En consecuencia, e conforme o anterior, os obxectivos do presente real decreto inclúen a definición da metodoloxía que se debe empregar no cálculo da contía anual que se vai recadar en concepto de cargos do sistema e o establecemento do procedemento de repartición destes custos entre os diferentes usuarios mediante criterios proporcionais, obxectivos e non discriminatorios. Aplicaranse os principios de transparencia no cálculo e de sinxeleza na formulación para que o cálculo dos cargos unitarios sexa simple e predicible e para lograr a máxima simplicidade na súa aplicación, respectando a estrutura das peaxes e canons de acceso en vigor.

II

Retribución dos almacenamentos subterráneos básicos

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, no seu anexo XI, estableceu a metodoloxía para o cálculo da retribución regulada das actividades de transporte, regasificación e

almacenamento subterráneo. De acordo co artigo 63.2 da dita lei, esa metodoloxía é aplicable á retribución correspondente ao período regulatorio comprendido entre o 5 de xullo de 2014 e o 31 de decembro de 2020.

Posteriormente, o Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, modificou o artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e atribuíu á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a competencia para fixar a metodoloxía, os parámetros e a base de activos para a retribución das instalacións de transporte e distribución de gas natural e plantas de gas natural licuado (GNL), conforme as orientacións de política enerxética aprobadas mediante a Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, pola que se establecen orientacións de política enerxética á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

O mesmo real decreto lei engadiu unha alínea «e» ao artigo 3.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, atribuíndo ao Goberno a competencia para determinar a metodoloxía, os parámetros, a base de activos e as contías da retribución dos almacenamentos subterráneos.

Por tanto, e como consecuencia da asunción das novas competencias retributivas por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, resulta imprescindible unha revisión da metodoloxía retributiva dos almacenamentos subterráneos para asegurar que a metodoloxía aplicada á retribución destas instalacións mantén a coherencia, sen menoscabo das súas especificidades, coas metodoloxías retributivas aprobadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Así mesmo, a revisión da metodoloxía retributiva dos almacenamentos básicos cumpre co disposto no artigo 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, que obriga a que esta metodoloxía permaneza constante durante cada período regulatorio de seis anos, o primeiro dos cales finalizará o 31 de decembro de 2020. Igualmente, a metodoloxía proposta adecúase á disposición derradeira cuarta da citada lei que habilita o Goberno para modificar o anexo XI onde se establece a metodoloxía de cálculo da retribución das actividades de transporte, regasificación e almacenamento básico.

III

Canons de acceso aos almacenamentos subterráneos

O reiterado Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, modificou o artigo 3.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, engadindo unha nova alínea «e», pola que se outorga ao Goberno a competencia para determinar a estrutura e a metodoloxía para o cálculo dos canons dos servizos de acceso ás instalacións gasistas destinados a sufragar a retribución asociada ao uso dos almacenamentos subterráneos básicos. Así mesmo, o dito real decreto lei tamén modificou o artigo 92 da lei e outorgou ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a competencia de aprobar anualmente os valores concretos de aplicación dos canons.

A estrutura do canon de almacenamento subterráneo encóntrase actualmente recollida no artigo 32 do Real decreto 949/2001, do 3 agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, e na redacción dada polo artigo 1.10 do Real decreto 335/2018, do 25 maio, polo que se modifican diversos reais decretos que regulan o sector do gas natural.

Conforme a disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, as metodoloxías de cálculo dos canons de acceso aos almacenamentos deberán ser aprobadas polo Goberno, mentres que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá que publicar as metodoloxías de cálculo das peaxes de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado, mandato que se cumpriu mediante a publicación da Circular 6/2020, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte, redes locais e regasificación de gas natural. Por tanto, procede,

mediante o presente real decreto, aprobar a metodoloxía de cálculo dos canons de uso dos almacenamentos subterráneos.

IV

Disposicións adicionais, transitorias e derradeiras

Acompañan o real decreto tres disposicións adicionais, a primeira das cales substitúe o ano natural polo ano de gas para os efectos de liquidacións, co obxecto de proporcionar coherencia a todo o sistema económico gasista, onde retribucións, peaxes, canons e cargos se fixan por períodos de ano de gas. Na disposición adicional segunda desenvólvese a habilitación atribuída ao Goberno na disposición derradeira sétima do Real decreto lei 13/2012, do 30 marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, para reducir as capacidades nominais requiridas para poder emitir a acta de posta en servizo definitiva en almacenamentos subterráneos. Esta redución será proporcional á cantidade de gas colchón que o titular foi autorizado a inxectar, de modo que con esta medida se soluciona un problema de índole práctica (imposibilidade de que o titular poida cancelar o aval) consecuencia dunha decisión administrativa. Na disposición adicional terceira determínase o destino das devolucións, se for o caso, das retribucións provisionais do operador do mercado organizado de gas.

En relación coas disposicións transitorias, a primeira determina que a retribución en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2021 soamente terá vixencia ata o 30 de setembro de 2021, para poder fixar desde entón as retribucións conforme o ano de gas que comeza o 1 de outubro de 2021. A transitoria segunda fixa o procedemento de redución progresiva da retribución transitoria por continuidade de subministración; a transitoria terceira establece as porcentaxes de ingresos conexos que se deben liquidar ao sistema ata que se determinen as definitivas mediante orde ministerial; a transitoria cuarta determina o valor do termo R da fórmula de retribución por melloras da produtividade, mentres que a transitoria quinta determina o valor dos termos FI empregados no cálculo da fórmula da compensación por interrompibilidade; a transitoria sexta estende o prazo para realizar inspeccións periódicas durante o ano 2020 como consecuencia dos efectos do virus SARS-CoV-2. A transitoria sétima determina o ano de referencia para as probas de inxección e de extracción dos almacenamentos afectados pola disposición adicional segunda. Por último, na transitoria oitava establécese unha exención temporal do pagamento de cargos, durante o primeiro período regulatorio, ao gas natural destinado a carburante terrestre ou marítimo.

Inclúese unha disposición derogatoria única que derroga parcialmente os artigos 15 a 24 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, dedicados ao réxime retributivo das actividades reguladas e cuxo contido será substituído polo deste real decreto e polo das novas circulares da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; tamén derroga a Orde ITC/3995/2006, do 29 decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural incluídos na rede básica, ao ser o seu contido substituído polo título II.

A disposición derradeira primeira modifica o artigo 27 do Real decreto 949/2001, do 3 agosto, co obxecto de adaptar a estrutura da tarifa de último recurso de gas natural á nova estrutura de peaxes de rede local aprobadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, mentres que a disposición derradeira segunda apraza a aplicación de penalización por insuficiente prudencia financeira ao ano 2024. A disposición derradeira terceira determina o título competencial da disposición. A disposición derradeira cuarta inclúe unha serie de habilitacións a favor do titular do ministerio propoñente. Por último, a disposición derradeira quinta determina a data de entrada en vigor das diferentes metodoloxías de cargos, retribucións e canons.

V

O real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases do réxime mineiro e enerxético, encóntrase incluído no Plan anual normativo 2020 e adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, posto que, segundo o exposto, se pon de manifesto o cumprimento do principio de necesidade.

En relación co principio de eficacia, esta norma con rango de real decreto é o instrumento necesario e adecuado xa que, como se expuxo, é o Goberno quen por lei ten a habilitación para dispoñer sobre as materias que se regulan no real decreto.

Así mesmo, o real decreto cumpre co principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados.

Igualmente axústase ao principio de seguridade xurídica, tendo en conta que o real decreto é de aplicación no novo período regulatorio que dá comezo o 1 de xaneiro de 2021, respecta o marco legal do período vixente, en coherencia co disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, e respecta as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e os dereitos dos titulares dos almacenamentos subterráneos e dos seus usuarios establecidos na normativa nacional e nos regulamentos europeos de aplicación.

Pola súa banda, con respecto ao principio de eficiencia, as medidas reguladas no presente real decreto non implican novas cargas administrativas, máis alá do inevitable incremento da información solicitada ás empresas titulares dos almacenamentos co obxecto de alcanzar os obxectivos da norma e os cambios dos procedementos de facturación e liquidación derivados da introdución dun novo concepto como son os cargos. Neste sentido, e co obxecto de reducir ao mínimo a carga administrativa dos axentes, tanto no cálculo dos cargos como das retribucións dos almacenamentos subterráneos e dos seus canons de acceso, empréganse metodoloxías, unidades, taxas de rendibilidade, prazos, procedementos e calendarios de aplicación semellantes aos utilizados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no cálculo das retribucións e peaxes da súa competencia. Así mesmo, na busca da máxima simplicidade posible de aplicación, reducíronse ao mínimo os puntos de aplicación de cargos para simplificar a súa facturación e non alterar o actual sistema de liquidacións, de tal forma que, salvo a taxa da citada comisión, o resto dos cargos se van aplicar exclusivamente nos puntos de saída da rede de transporte e distribución.

Por outra banda, as retribucións dos almacenamentos subterráneos elaboráronse seguindo o máis posible o procedemento empregado pola citada comisión na retribución das redes de transporte e plantas de GNL. Por último, os canons de acceso aos almacenamentos manteñen a mesma estrutura que os actualmente vixentes e os cambios propostos son puramente procedementais.

Por último, en canto ao principio de transparencia, segundo o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e o artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, con carácter previo á elaboración do presente real decreto, realizouse unha consulta pública previa, a través do portal web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados por esta norma.

Tal e como establece o artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto foi sometido a información pública no portal web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Así mesmo, o presente real decreto foi obxecto de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, aprobado polo seu consello o 7 de outubro de 2020 e para cuxa elaboración se tiveron en conta as alegacións formuladas polas empresas do sector no trámite de audiencia efectuado a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, o cal segue a exercer as súas funcións ata a constitución do Consello Consultivo de Enerxía de acordo co disposto na disposición transitoria décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Este real decreto foi sometido á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 18 de decembro da 2020.

A presente norma ten carácter básico, de acordo co artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases do réxime enerxético.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 29 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular a metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema gasista, así como das retribucións reguladas dos almacenamentos subterráneos e dos canons de acceso aplicados aos usuarios conforme a habilitación a favor do Goberno incluída no artigo 59.8 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Artigo 2. *Principios xerais.*

1. De conformidade cos artigos 59 e 60 da Lei 18/2014, do 15 do outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, as metodoloxías empregadas respectarán os principios de sustentabilidade económica e financeira, suficiencia de ingresos e consideración dos custos dunha empresa eficiente e ben xestionada, co obxecto de minimizar os custos do sistema gasista, aplicando criterios de simplicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación. As metodoloxías manterán a máxima compatibilidade coa estrutura de peaxes e a metodoloxía retributiva aprobada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nas materias da súa competencia, co obxecto de facilitar a súa aplicación e comprensión.

2. Os parámetros empregados no cálculo de cargos, retribucións e canons dos almacenamentos subterráneos básicos, incluída a taxa de retribución financeira, permanecerán invariables durante o período regulatorio de seis anos, sen que se poidan aplicar fórmulas de actualización automática.

3. Os parámetros anteriores só se poderán revisar mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, conforme os principios establecidos no artigo 60.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, para a súa entrada en vigor no seguinte período regulatorio. Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para o período regulatorio seguinte, de conformidade co establecido no artigo 60.4 da citada lei. Esta revisión realizarase conforme o disposto nos artigos 129 e 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e incluírá unha avaliación dos parámetros vixentes.

4. Conforme o disposto no artigo 60.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, o segundo período regulatorio comezará o 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o 31 de decembro de 2026.

Artigo 3. Capacidade contratada prevista equivalente.

1. Para os efectos do cálculo anual dos cargos unitarios e os canons de acceso aos almacenamentos subterráneos empregárase o caudal contratado equivalente, Q_e , calculado mediante a seguinte fórmula:

$$Q_e = \frac{\sum_{i=1}^m (Q_i \times M_i \times d_i)}{DA}$$

Onde:

- m: número de contratos dos usuarios no punto de aplicación.
- Q_i : capacidade do contrato ou agrupación de contratos «i».
- M_i : multiplicador de curto prazo aplicable ao contrato «i» calculado conforme o artigo 36, aplicándose o valor 1 para o contrato anual.
- d_i : duración en días do tipo de contrato «i».
- DA: número de días do ano, que tomará o valor de 365 nos anos ordinarios e de 366 nos bisestos.

2. No caso de contratos intradiarios, o termo d_i expresárase en horas e o termo DA tomará o valor de 8.760 para os anos ordinarios e de 8.784 nos bisestos.

TÍTULO I**Cargos do sistema gasista****Artigo 4. Obxecto.**

O presente título ten como obxecto desenvolver o procedemento de cálculo da cantidade que se vai recadar en concepto de cargos do sistema gasista, a metodoloxía de cálculo e a estrutura dos cargos unitarios que se aplican aos usuarios, así como os puntos onde estes serán de aplicación.

Artigo 5. Principios xerais.

1. A cantidade que se vai recadar en concepto de cargos será cuberta exclusivamente mediante a facturación de cargos unitarios aos usuarios das instalacións nos puntos do sistema gasista enumerados no artigo 8.

2. Os cargos unitarios serán únicos para todo o territorio nacional, expresáranse nas mesmas unidades, decimais e tramos de aplicación que as peaxes en vigor e manteranse fixos durante o ano de gas definido no artigo 2 da Circular 6/2020, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte, redes locais e regasificación de gas natural.

3. A metodoloxía de cálculo dos cargos unitarios basearase nos principios de suficiencia, máxima simplicidade, transparencia e non discriminación, mediante o emprego de procedementos obxectivos de repartición entre os consumidores.

4. O titular da capacidade deberá aboar a totalidade dos cargos que correspondan á capacidade contratada con independencia da súa utilización e serán de aplicación os procedementos de refacturación aplicados en relocalización dos consumidores. Os cargos serán declarados ao sistema de liquidacións polos responsables da súa facturación con independencia do seu cobramento.

5. Conforme o disposto no artigo 61.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, mentres exista déficit acumulado en 31 de decembro de 2014 ou desaxustes entre ingresos e gastos de exercicios posteriores pendentes de amortizar, calquera superávit ou déficit de recadación en concepto de cargos se aplicará conforme o disposto no citado artigo, sen que se poida reducir a súa contía. Unha vez que non queden déficit e desaxustes

pendentes de amortizar, calquera déficit/superávit de recadación por cargos se aplicará no cálculo dos cargos do exercicio seguinte.

Artigo 6. Aprobación dos cargos.

1. A cantidade que se vai recadar e os cargos unitarios que se aplican serán aprobados antes do ano de gas mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. En caso de non publicar novos cargos unitarios antes do inicio do ano de gas, consideraranse prorrogados os do ano de gas anterior.

2. A orde que estableza os cargos unitarios publicará tamén a cantidade que se vai recadar, desagregada por conceptos, o valor dos parámetros e os escenarios de demanda considerados. A orde publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 7. Custos regulados que cobren os cargos.

Os cargos destinaranse exclusivamente a cubrir os custos regulados do sistema gasista que non están asociados ao uso das instalacións gasistas, conforme o disposto no artigo 59.4 da Lei 18/2014, do 15 de outubro:

a. Taxa da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

b. Custo diferencial da subministración de gas natural licuado ou gas manufacturado e/ou aire propanado distinto do gas natural en territorios insulares que non dispoñan de conexión coa rede de gasodutos ou de plantas de gas natural licuado, así como a retribución á actividade de subministración realizada por empresas distribuidoras nos ditos territorios.

c. Medidas de xestión da demanda, no caso de que así sexan recoñecidas regulamentariamente, conforme o establecido no artigo 84.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

d. Anualidade correspondente aos desaxustes temporais e ao déficit acumulado en 31 de decembro de 2014, referidos nos artigos 61.1 e 66 a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, cos seus correspondentes xuros e axustes.

e. Se for o caso, a retribución regulada do operador do mercado organizado de gas natural, salvo naqueles aspectos retributivos para cuxa aprobación se designe o regulador nacional mediante disposicións aprobadas pola Comisión Europea.

f. Calquera outro custo atribuído expresamente por unha norma con rango legal.

Artigo 8. Puntos de aplicación dos cargos unitarios.

1. Os cargos unitarios destinados a recadar os conceptos enumerados no artigo 7 aplicaranse nos seguintes puntos do sistema gasista:

a. Todos os puntos onde se apliquen peaxes ou canons, sen prexuízo do disposto nos números 3 e 4: aplicaranse as taxas da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en vigor.

b. Puntos onde se conecten consumidores finais, así como cargadoiros de cisternas, exclusivamente para cisternas destinadas a consumidores finais uniclientes situados en territorio nacional: aplicarase un cargo unitario destinado a cubrir os conceptos incluídos nas alíneas b, d e e do artigo 7.

2. O biogás ou calquera gas combustible obtido de fontes renovables que sexa tecnicamente posible inxectar na rede quedará exento da aplicación de calquera cargo unitario aplicado no punto de inxección.

Artigo 9. *Estrutura dos cargos unitarios.*

1. O cargo unitario que se aplica nos puntos de saída conectados a consumidores finais e nos cargadoiros de cisternas constará exclusivamente dun termo fixo expresado en €/kWh/día/ano. No caso de puntos de subministracións sen obrigação de dispoñer de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado, substituirase o termo fixo por capacidade contratada por un termo por cliente, expresado en €/consumidor/ano, calculado en función do factor de carga previsto.

Artigo 10. *Procedemento de cálculo dos cargos unitarios aplicados a consumidores finais.*

1. A cantidade que se vai recadar en concepto de cargos que se aplican nos puntos de saída asignarase en función da capacidade contratada prevista equivalente e do número de clientes de cada tramo de peaxes de rede local e aplicaranse para eles as mesmas proporcións de repartición empregadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no cálculo do termo fixo da peaxe de rede local. Estas porcentaxes permanecerán invariables durante o período regulatorio salvo circunstancias imprevistas debidamente xustificadas que puidesen poñer en risco a sustentabilidade económica do sistema, cando se modifiquen de maneira substancial os conceptos e importes incluídos dentro de cargos ou retribucións, cando se produzan cambios na normativa europea de aplicación ou cando as modifique a citada comisión. Así mesmo, poderán revisarse mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico antes do seguinte período regulatorio.

2. Como previsións de demanda utilizaranse os datos empregados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a elaboración das peaxes de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado e, con carácter subsidiario, as previsións do xestor técnico do sistema e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Para os efectos anteriores, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as ditas previsións coa antelación suficiente.

Artigo 11. *Facturación dos cargos unitarios.*

1. Os cargos unitarios serán facturados polo responsable de cobrar as peaxes e os canons en cada punto de aplicación e empregaranse as fórmulas, procedementos, periodicidade e prazos establecidos na Circular 6/2020, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Para aqueles consumidores que, de acordo co disposto 51.2 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, teñan unha periodicidade de medida bimestral, a facturación será bimestral.

3. A cantidade que se vai facturar da taxa da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será o resultado de multiplicar o valor en vigor da taxa pola suma da facturación de peaxes ou canons máis cargos unitarios destinados a cubrir os conceptos recollidos nas alíneas b, d e e do artigo 7.

4. O importe económico facturado pola aplicación dos cargos unitarios deberá figurar como concepto separado na factura xunto cos cargos unitarios aplicados e calquera outro concepto aplicado no seu cálculo. Así mesmo, os cargos aplicados nos puntos de saída, así como os aplicados nos cargadoiros de cisternas para as plantas uniclientes, deberán figurar como concepto separado na factura de subministración emitida polo comercializador ao titular do punto de subministración.

Artigo 12. *Liquidación e aboamento dos cargos.*

1. As cantidades facturadas en concepto de cargos serán declaradas como ingreso ao sistema de liquidacións polos responsables da súa facturación, con independencia do seu cobramento, cos mesmos prazos e procedementos establecidos para peaxes e canons na Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presentar as empresas, ou norma que a substitúa.

2. O organismo responsable das liquidacións incluírá en cada informe de liquidación, tanto provisional como definitivo, a información sobre a cantidade que se vai recadar por cada tipo de cargo, así como a efectivamente facturada. No caso dos puntos de saída, esta desagregarase por niveis de consumo e incluírá o número de consumidores, a capacidade contratada equivalente e a enerxía vehiculada. Así mesmo, incluíranse as cantidades pagadas dos custos regulados enumerados no artigo 7.

TÍTULO II

Retribución dos almacenamentos subterráneos básicos

Artigo 13. *Obxecto.*

O presente título ten como obxecto establecer a metodoloxía de cálculo da retribución da actividade de almacenamento subterráneo básico, así como determinar o procedemento de recoñecemento da retribución de novas instalacións, e das modificacións, transformacións, substitucións e ampliacións de instalacións existentes, conforme o disposto no artigo 59.8 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

Artigo 14. *Principios xerais.*

A retribución da actividade de almacenamento subterráneo básico atenderá aos principios de transparencia, obxectividade e non discriminación, así como ao de sustentabilidade económica e financeira, establecidos nos artigos 59 e 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, cos seguintes obxectivos:

- a. Permitir unha razoable rendibilidade dos recursos financeiros investidos necesarios para realizar a actividade por parte dunha empresa eficiente e ben xestionada, conforme os principios de actividade de baixo risco e de menor custo para o sistema gasista, aplicando criterios homoxéneos en todo o territorio español.
- b. Asegurar a recuperación dos investimentos realizados polos titulares no período da súa vida útil.
- c. Incentivar a xestión eficaz e a mellora da produtividade, repercutindo nos usuarios parte dos aforros obtidos.
- d. Garantir a realización da actividade con seguridade, eficiencia e sustentabilidade ambiental.

Artigo 15. *Retribución anual.*

1. A retribución dos titulares de almacenamento subterráneo básico determinarase por ano de gas mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, con anterioridade ao comezo do ano de gas e conforme a metodoloxía establecida neste real decreto, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

2. A retribución anual de cada sociedade obterase como suma das retribucións individuais de todos os almacenamentos de que sexa titular.

3. A orde será publicada no «Boletín Oficial del Estado» e incluírá, polo menos, as retribucións concretas de cada un dos activos recoñecidos, desagregadas de acordo cos

conceptos definidos no presente real decreto. Así mesmo, publicaranse os parámetros empregados no cálculo, os valores recoñecidos de investimento dos activos retribuídos e a súa vida útil. Tamén se publicará o escenario de demanda considerado para o cálculo dos custos de operación e mantemento provisionais.

Artigo 16. *Conceptos retributivos.*

1. Os titulares de instalacións de almacenamento subterráneo básico terán dereito ás seguintes retribucións:

- a. Retribución ao investimento en instalacións con retribución individualizada e na adquisición de gas destinado a gas colchón.
- b. Retribución provisional por custos de operación e mantemento.
- c. Retribución por extensión de vida útil.
- d. Retribución por melloras de produtividade.
- e. Retribución transitoria por continuidade de subministración, conforme a disposición transitoria segunda.
- f. Revisión, se for o caso, das retribucións provisionais de operación e mantemento.

2. A retribución de cada titular será minorada en función dos ingresos conexas obtidos, conforme o disposto no artigo 23, e por aplicación da penalización por insuficiente prudencia financeira, calculada conforme o artigo 27 da Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado.

3. As compensacións aboadas polo xestor técnico do sistema aos usuarios en concepto de interrompibilidade aboada serán declaradas polo responsable de facturar os canons como gasto liquidable.

4. As empresas titulares de almacenamentos ás cales se apliquen normativas específicas que supoñan uns maiores custos na actividade que desempeñan poderán subscribir convenios, concertos ou outras formas de relación coas administracións públicas para cubrir o sobrecusto ocasionado. Conforme o disposto no artigo 59.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, en ningún caso o sobrecusto causado por estas normas formará parte da retribución recoñecida a estas empresas e non poderá, por tanto, ser sufragado a través dos ingresos do sistema gasista.

5. En virtude do establecido na disposición adicional sétima da Orde ITC/3802/2008, do 26 de decembro, pola que se establecen as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas, cada ano de gas e ata o ano natural 2039 inclusive, a retribución anual das instalacións de almacenamento titularidade de Enagás Transporte, S.A.U. minorarase en 705.329 €.

Artigo 17. *Retribución ao investimento dunha instalación con retribución individualizada.*

1. Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas establecerase a retribución anual dunha instalación con retribución individualizada, que incluíra amortización e retribución financeira calculadas a partir do valor de investimento recoñecido. En particular, a retribución financeira calcularase a partir do valor de investimento neto de amortizacións.

2. Conforme o disposto no artigo 14 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, na súa redacción dada pola Lei 8/2015, do 21 de maio, o inicio da devindicación da retribución regulada dun investimento con retribución individualizada comezará o día seguinte ao de posta en servizo da instalación de que se trate. Se o investimento non require acta de posta en servizo, esta data substitúese pola de recepción da obra ou, na súa falta, pola de aboamento da factura.

3. A listaxe de instalacións con retribución individualizada figura no anexo I, mentres que a vida útil regulatoria de cada elemento está incluída no anexo II.

4. Como valor de investimento considerarase o que resulte da correspondente auditoría, logo de realizar, se for o caso, os axustes derivados da aplicación dos criterios e principios expostos no presente real decreto.

5. Do valor de investimento dunha nova instalación ou equipamento descontaranse, se for o caso:

a. O 100 % dos impostos para os que a normativa fiscal prevexa a súa exención ou devolución.

b. O 100 % das subvencións non reintegrables procedentes de calquera Administración ou organismo público español e o 90 % das subvenciones outorgadas por organismos da Unión Europea.

c. O 90 % dos ingresos procedentes da venda de equipamentos ou elementos substituídos e/ou desmantelados, incluído calquera material ou subproduto asociado a eles.

6. A amortización anual calcularase dividindo o valor recoñecido do investimento entre os seus anos de vida útil regulatoria.

7. A retribución financeira anual calcularase multiplicando o valor neto da instalación ao principio do ano de gas pola taxa de retribución financeira das instalacións de transporte e regasificación que resulte da aplicación da Circular 2/2019, do 12 de novembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da taxa de retribución financeira das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e regasificación, transporte e distribución de gas natural.

8. Para calcular a amortización e a retribución financeira do ano de posta en servizo multiplicarase a amortización anual polos días transcorridos desde a data de posta en servizo ata a finalización do ano de gas e dividirase entre 365 ou 366 no caso de anos bisestos. O mesmo procedemento se aplicará tamén o ano en que o investimento alcance o final da súa vida útil ou cando se produza unha transmisión de titularidade.

Artigo 18. *Retribución ao investimento en gas colchón.*

1. A inxección de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos para o seu uso como gas colchón será autorizada mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do xestor técnico do sistema. A resolución será ditada e notificada nun prazo de seis meses desde a recepción da solicitude de inxección por parte do titular. No caso de que non se dite resolución, o sentido do silencio administrativo será desestimatorio da solicitude.

2. O gas colchón será adquirido no mercado organizado de gas ou mediante procedementos competitivos e valorarase a prezo de adquisición, incluídos taxas e impostos non reintegrables, e engadiráselle o custo das peaxes de acceso necesarias para o seu traslado e inxección nos almacenamentos.

3. O investimento realizado devindicará retribución ao investimento, incluíndo amortización e retribución financeira, e aplicarase a mesma taxa de rendibilidade que ao resto de instalacións. A vida útil será a establecida no anexo II. O gas colchón non devindicará retribución por extensión de vida útil.

4. Para o gas colchón dun novo almacenamento subterráneo, o inicio da devindicación da retribución será o día seguinte á posta en servizo do almacenamento, conforme o disposto no artigo 14.1 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo. No caso de gas colchón adicional que se incorpore a almacenamentos existentes, considerarase a data de incorporación do gas á instalación ou, na súa falta, a data que se produza máis tarde entre a data de adquisición do gas e a data da acta de posta en servizo da instalación á cal se destina o gas.

Artigo 19. *Retribución por custos de operación e mantemento.*

1. A retribución anual por custos de operación e mantemento incluírá custos fixos, xa sexan directos ou indirectos, e custos variables.

2. Como custos variables consideraranse aqueles gastos recorrentes directamente relacionados coa inxección e coa extracción de gas, e incluírán, polo menos, o custo do odorizante, a electricidade e calquera outro combustible necesario para o funcionamento dos compresores, así como calquera outro insumo ou produto consumido durante os procesos de inxección ou de extracción de gas, incluíndo os impostos non deducibles asociados e excluindo aqueles que se aboan como gasto liquidable.

3. A valoración dos custos directos realizarase aplicando os criterios de admisibilidade de custos incluídos no artigo 27 ás auditorías do ano natural que os titulares dos almacenamentos remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. As ditas auditorías incluírán a xustificación dos custos mencionados nos números 1 e 2, incluídos os que se aboan como gasto liquidable, e a información desagregada e clasificada pola súa natureza directa ou indirecta, de acordo co formato establecido no anexo III.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitar dos suxeitos obrigados calquera información que teña por obxecto aclarar o alcance e xustificar o contido das informacións remitidas.

5. Habilítase o titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para establecer os requisitos mínimos que deben cumprir as auditorías relativas aos custos de operación e mantemento.

6. A retribución por custos indirectos calcularase empregando os criterios expostos na Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de desenvolvemento da información regulatoria de custos relativa ás actividades reguladas de transporte, regasificación, almacenamento e xestión técnica do sistema de gas natural, así como transporte e operación do sistema de electricidade, sempre que sexa posible.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia canta información precise para calcular os custos indirectos.

7. Os custos de operación e mantemento non recorrentes activados con importe superior a 250.000 € seguirán os criterios expostos no artigo 20.

8. Na orde ministerial que publique as retribucións do ano de gas recoñecerase unha retribución provisional por custos de operación e mantemento en función das previsións de utilización dos almacenamentos, do custo de consumo de enerxía eléctrica, de odorizante e de calquera outro combustible ou insumo directamente relacionado coa inxección e coa extracción de gas no almacenamento, así como unha previsión de gastos fixos recorrentes con base nos valores históricos e de gastos de operación e mantemento activados.

9. Unha vez que se dispoña da correspondente auditoría, mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, determinarase a retribución definitiva por custos de operación e mantemento xunto cos saldos que resulten en relación cos valores provisionais. Os ditos saldos serán aplicados como cobramento ou pagamento único na primeira liquidación dispoñible.

Artigo 20. *Custos de operación e mantemento activados.*

1. Os custos de operación e mantemento non recorrentes, con importe superior a 250.000 €, que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 27, que fosen acometidos con posterioridade á data de entrada en servizo da instalación e que fosen activados polo titular do almacenamento como maior valor de investimento, trataranse como investimento cunha vida útil de 2 anos e retribuiranse mediante amortización e retribución financeira desde o 1 de xaneiro posterior á data de posta en servizo ou de incorporación ao inmovilizado. Estes custos non devindicarán custos de operación e mantemento, nin retribución por melloras de produtividade nin retribución por extensión de vida útil.

2. O titular da instalación informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, antes do 1 de xullo de cada ano, sobre os custos activados incorridos no ano de gas anterior e anexará a correspondente auditoría, o proxecto técnico das instalacións e traballos realizados subscritos por técnico competente e a acta de posta en servizo, cando proceda.

3. Unha vez recibido o plan anual e plurianual de investimentos conforme o artigo 25, mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e audiencia do interesado, determinaranse os custos activados que se incluírán no réxime retributivo, conforme os criterios de admisibilidade de custos enumerados no artigo 27.

Artigo 21. *Retribución anual por extensión de vida útil.*

1. As instalacións que superasen a súa vida útil regulatoria e que acrediten o seu uso efectivo recibirán unha retribución por extensión de vida útil desde o día posterior ao que finalice a vida útil regulatoria, sempre que se acredite o seu uso efectivo, e aplicarse no primeiro ano de gas en que a instalación entre en extensión de vida útil o correspondente rateo en función do número de días transcorridos.

2. O uso efectivo das instalacións acreditarase mediante informe do xestor técnico do sistema, que será remitido á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes do 1 de xullo de cada ano en relación cos doce meses anteriores.

3. Esta retribución adicional será o resultado de multiplicar a retribución anual por custos de operación e mantemento fixos e variables, neto dos custos de operación e mantemento activados, polos seguintes coeficientes:

- Durante os cinco primeiros anos de gas: 0,15.
- Entre o 6.º e 10.º ano, inclusive: o resultante de aplicar a fórmula $0,15+0,01 \cdot (X-5)$.
- Entre o 11.º e 15.º ano, inclusive: o resultante de aplicar a fórmula $0,20+0,02 \cdot (X-10)$.
- A partir do 15.º ano: o resultante de aplicar a fórmula $0,30+0,03 \cdot (X-15)$, non podendo tomar un valor superior a 1.

Onde X é o número de anos de gas enteiros transcorridos desde o ano en que a instalación finalizou a vida útil regulatoria. No ano de gas en que se alcance a fin da vida útil regulatoria, o coeficiente reducirase proporcionalmente ao número de días do ano transcorridos desde que se superou a data de fin da vida útil regulatoria.

4. Para os efectos do cálculo deste concepto dun almacenamento ratearase o coeficiente de cada unha das instalacións nel incluídas en función do seu valor recoñecido de investimento. No caso de instalacións que non chegasen ao final da súa vida útil o coeficiente que se aplica será 0. Excluirase do cálculo do coeficiente o gas colchón e os custos de operación e mantemento activados.

5. Unha vez que se recoñezan os custos de operación e mantemento definitivos, na seguinte orde ministerial pola que se determinen as retribucións dos almacenamentos recalcularase a retribución definitiva por extensión de vida útil e recoñecerase a diferenza.

Artigo 22. *Retribución por melloras de produtividade.*

1. Anualmente a cada empresa «e» titular de instalacións de almacenamento recoñeceráselle en concepto de melloras de produtividade do ano de gas «a» unha porcentaxe da diminución dos custos de operación e mantemento fixos, aplicando a seguinte fórmula:

$$RMP_a^e = R * [ROMF_r^e - ROMF_a^e]$$

Onde:

- R: porcentaxe das melloras de produtividade que repercuten nas empresas.
- $ROMF_r^e$: media da retribución por custos de operación e mantemento fixos durante o período referencia «r» do conxunto de almacenamentos da empresa «e», excluídos aqueles recoñecidos como custos de operación e mantemento activados.

– $ROMF_a^e$: retribución por custos de operación e mantemento fixos do ano de gas «a» do conxunto de almacenamentos da empresa «e», excluídos aqueles recoñecidos como custos de operación e mantemento activados.

2. Como período de referencia «r» dun período regulatorio empregaranse os anos de gas cuarto, quinto e sexto do período inmediatamente anterior.

3. O coeficiente R permanecerá invariable durante todo o período regulatorio. Mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico poderase modificar o dito valor con anterioridade ao comezo do seguinte período, en caso contrario considerárase prorrogado o valor do período.

4. Con carácter provisional, na orde ministerial que aprobe as retribucións do ano de gas incluírase a retribución por melloras de produtividade calculada a partir dos valores provisionais de custos de operación e mantemento recoñecidos na orde. Esta cifra será actualizada unha vez que se dispoña dos custos de operación e mantemento reais e liquidarase a diferenza.

5. No caso de que a fórmula proporcione un valor negativo, este descontarase da retribución recoñecida.

Artigo 23. *Produtos e servizos conexos.*

1. Consideraranse ingresos procedentes de produtos e servizos conexos aqueles obtidos polos titulares dos almacenamentos, diferentes da facturación dos canons en vigor, e que se alcanzasen mediante o emprego de medios materiais ou persoais adscritos á actividade, incluíndo, polo menos:

a. Os procedentes da venda de enerxía eléctrica, frío ou calor, ou calquera produto ou subproduto con valor comercial xerado por instalacións ou terreos onde se sitúen os almacenamentos e incluídos no réxime retributivo.

b. Os obtidos mediante calquera aproveitamento das instalacións, edificacións ou terreos adscritos á actividade.

c. Os servizos de consultoría ou asistencia técnica a terceiros.

2. As empresas que proporcionen a terceiros produtos ou servizos conexos para cuxa prestación utilicen as instalacións e os recursos retribuídos con cargo ao réxime económico establecido neste real decreto declarararán á Secretaría de Estado de Enerxía, antes do 1 de xullo de cada ano, os produtos e servizos conexos correspondentes ao ano natural anterior e a súa previsión para o ano en curso, con detalle individualizado, indicando o seu alcance, empresa ou entidade compradora ou beneficiaria, ingresos percibidos, custos e instalacións asociados, beneficios obtidos, datas de inicio e fin da prestación, e anexarán os contratos asinados relativos ás ditas prestacións. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá requirir a información adicional que resulte necesaria.

3. Da cifra de ingresos conexos poderanse descontar os gastos incorridos que non estean cubertos por retribucións reguladas. En ningún caso, a realización destes produtos ou servizos poderá resultar gravosa para o sistema gasista.

4. Na retribución anual do ano de gas descontarase unha porcentaxe dos ingresos obtidos pola produción de produtos e servizos conexos durante o último ano natural dispoñible.

5. Antes do inicio do período regulatorio, mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico determinaranse as porcentaxes dos ingresos conexos que se descontarán das retribucións reguladas. No cálculo das ditas porcentaxes teranse en conta, en todo caso, os custos directos e indirectos dos activos empregados, así como o custo en que, de non mediar o emprego destes activos, se tería incorrido para poder realizar esoutras actividades e as circunstancias que poidan concorrer respecto das cesións do uso dos activos entre sociedades dun mesmo grupo ou terceiras sociedades.

6. Estes coeficientes permanecerán invariables durante o período regulatorio e consideraranse prorrogados para o seguinte en caso de non seren publicados novos valores.

Artigo 24. Penalización por insuficiente prudencia financeira.

1. Aos titulares de almacenamentos cuxas ratios de endebedamento e económico-financeira se encontren fóra dos rangos de valores recomendables enunciados no ordinal quinto da Comunicación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia 1/2019, do 23 outubro de 2019, de definición de ratios para valorar o nivel de endebedamento e a capacidade económico-financeira das empresas que realizan actividades reguladas, e de rangos de valores recomendables, aplicaráselles a fórmula de penalización establecida no artigo 28 da Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, substituíndo os termos que fan referencia á retribución de transporte e plantas de gas natural licuado pola retribución dos almacenamentos subterráneos.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia incluírá na resolución do índice global de ratios a que se refire o artigo 28.5 da Circular 9/2019, do 12 decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, as empresas que realizan a actividade de almacenamento subterráneo. Así mesmo, serán de aplicación ás empresas que realizan a actividade os números 3 e 4 do artigo 28 da citada circular.

Artigo 25. Plan anual e plurianual de investimento.

1. Salvo as actuacións imprevistas que sexa necesario acometer con carácter urxente por motivos de seguridade das persoas e instalacións ou protección ambiental, calquera investimento ou custo de operación e mantemento non recorrente cun orzamento superior a 250.000 € deberá figurar no plan anual e plurianual de investimentos. A información achegada no plan anual e plurianual de investimentos ou en comunicacións precedentes só se deberá enviar de novo se se produce unha actualización dela.

2. Antes do 1 de xullo de cada ano, os titulares de almacenamentos subterráneos básicos presentarán á Secretaría de Estado de Enerxía, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao xestor técnico do sistema e aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas o plan anual e plurianual de investimentos que conterá a información das actuacións previstas para os 10 anos de gas seguintes a partir do 1 de outubro dese ano, incluídas novas instalacións e baixas ou modificacións de instalacións existentes, así como calquera outro investimento ou gasto de operación e mantemento non recorrente que se prevea acometer conforme o artigo 20 e os criterios de admisibilidade de custos incluídos no artigo 27.

3. O plan incluírá, polo menos, a seguinte información:

a. Xustificación do investimento, precisando se é por xestión técnica do sistema, por melloras técnicas, de seguridade e calidade industrial, ou por cuestións ambientais.

b. Localización de cada investimento, as súas características técnicas relevantes e os seus esquemas descritivos.

c. Orzamento estimado, importes xa aboados, declaración de axudas públicas ou medidas de efecto equivalente da súa sustentabilidade económica e financeira, incluída unha análise custo-beneficio.

d. Fases de execución e data prevista de posta en servizo e estado das diversas tramitacións administrativas.

e. Declaración de axudas públicas e medidas de efecto equivalente.

f. Estado das diversas tramitacións administrativas, se for o caso.

4. En relación co orzamento estimado do investimento e das axudas públicas e medidas de efecto equivalente, facilitaranse, en miles de euros, os importes totais previstos, importes executados ou percibidos ata a data de remisión do plan, e detalle anual previsto deles no horizonte de 10 anos.

5. En relación coa xustificación de necesidade do investimento deberá indicar se é por razóns de xestión técnica do sistema, por motivos técnicos, de seguridade e calidade industrial, ou por cuestións ambientais, así como xustificar a súa sustentabilidade económica e financeira e, se for o caso, achegar as análises custo-beneficio pertinentes.

6. No caso de que o investimento implique ampliación de capacidade, xa sexa de almacenamento, de inxección ou de extracción, esta deberá ser compatible coa capacidade da rede existente e, se for o caso, con desenvolvementos previstos.

Artigo 26. Censo de instalacións con retribución individualizada e base de datos doutros activos e custos significativos.

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas manterá un censo coas instalacións con retribución individualizada adscritas á actividade de almacenamento subterráneo incluídas no réxime retributivo.

2. Así mesmo, manterá unha base de datos doutros activos e custos significativos, onde se incluírán, polo menos, outros investimentos en inmovilizado material, aplicacións informáticas e gastos de operación e mantemento non recorrentes, activados ou non, cun importe superior a 250.000 € adscritos á actividade e que estean incluídos no réxime retributivo.

Por cada elemento do censo e da base de datos incluírase, polo menos, a seguinte información:

- a. Titular.
- b. Autorización e acta de posta en servizo, se for o caso.
- c. Localización, descrición e características técnicas principais.
- d. Valor recoñecido do investimento ou do custo de operación non recorrente.
- e. Valor neto de investimento en 30 de setembro do ano anterior.
- f. Data de inicio de cobramento da retribución.
- g. Vida útil.

3. Os elementos do censo e da base de datos que deixen de prestar servizo ao almacenamento deberán darse de baixa no censo ou na base de datos.

Artigo 27. Criterios de admisibilidade de custos.

1. Só se incluírán no réxime retributivo os investimentos e os custos de operación e mantemento que cumpran todos os seguintes requisitos:

a. Que estean relacionados, directa ou indirectamente, coa prestación do servizo de almacenamento subterráneo.

b. Que poida establecerse unha relación causal entre o custo e a actividade de almacenamento. Considerarase que tal relación existe se concorren todas as seguintes circunstancias:

- i) Que fose incorrido especificamente para esta.
- ii) Que sexa necesario para as operacións xerais do negocio que resulten precisas para o desenvolvemento da actividade.

c. Que sexa certo e se encontre rexistrado na contabilidade financeira da sociedade.

d. Que sexa acorde cos prezos de mercado e históricos. Os custos do ben ou servizo, en canto teñan o mesmo alcance ou similar, teñen que ser acordes cos rexistrados en anos anteriores e coa evolución do mercado.

e. Que o custo sexa necesario para cumprir coas características definidas na autorización da instalación, coas exixencias impostas polo normativa técnica de aplicación ou que achegue valor á actividade conforme o número 2.

2. Considerarase que achegan valor á actividade polo menos as seguintes actuacións:

- a. As que aumenten a capacidade de almacenamento, de extracción ou de inxección.
- b. As que sexan necesarias para garantir a seguridade do persoal, das instalacións e do ambiente.
- c. As que melloren a eficiencia da instalación, aumenten a súa vida útil ou diminúan os custos de operación e mantemento.
- d. Os investimentos que contribúan ao aforro enerxético, ao emprego de enerxías e gases renovables, á descarbonización, á diminución de emisións de gases de efecto invernadoiro e á dixitalización de operacións.
- e. Gastos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), cun límite do 0,5% da retribución anual do titular do almacenamento.
- f. As que sexan necesarias para dar cumprimento á normativa industrial.

A solicitude de autorización administrativa previa, se for o caso, dos investimentos referidos nas alíneas c, d e e deberá ir acompañada dunha análise custo-beneficio do investimento.

3. En ningún caso serán admisibles os seguintes conceptos:

- a. O inmovilizado intanxible a excepción das cantidades que correspondan ás aplicacións informáticas.
- b. As marxes en operacións con empresas do grupo, asociadas e con outras partes vinculadas.
- c. Investimentos en curso e xuros intercalarios.
- d. Custos directos ou indirectos empregados exclusivamente na realización de produtos e servizos conexos ou outras actividades distintas das reguladas.
- e. O imposto sobre beneficios e calquera outro imposto en que a normativa fiscal vixente prevexa a súa exención ou devolución.
- f. Multas, sancións e resto de gastos excepcionais, así como indemnizacións xudiciais para resarcir terceiros.
- g. Estimacións/valoracións de gastos e ingresos que dean lugar ao rexistro dunha provisión de acordo coas obrigacións establecidas no Plan xeral contable.
- h. Os gastos de persoal por indemnizacións e retribucións a longo prazo por prestacións postemprego.
- i. Perdas de créditos comerciais incobrables, resultados de operacións en común e outras perdas en xestión corrente.
- j. Os custos de publicidade e de relacións públicas que non sexan estritamente necesarios para o desempeño da actividade.
- k. Gastos financeiros, perdas procedentes de activos non correntes, gastos excepcionais, perdas por deterioración de activos e previsións ou outras dotacións que correspondan, recollidas nas contas 66, 67 e 69 do Plan xeral contable.
- l. O custo de fechamento, desmantelamento ou retirada da instalación e a rehabilitación do terreo onde se sitúe, sen prexuízo do disposto no artigo 31.
- m. O sobrecusto de normativas específicas que difiran da normativa estatal e que supoñan uns maiores custos na actividade que desempeñen, así como os ingresos que as ditas empresas poidan obter ao estableceren convenios ou outros mecanismos coas administracións públicas implicadas para cubrir o sobrecusto ocasionado.
- n. O custo das modificacións realizadas en almacenamentos existentes por petición de particulares ou administracións públicas.
- ñ. Calquera custo repercutido pola sociedade matriz que non resulte necesario para desenvolver a súa actividade, que resulte desproporcionado en relación coa utilidade obtida ou nos cales non se incorrería en caso de non formar parte do mesmo grupo empresarial.
- o. Aqueloutros custos e investimentos regulados do sistema gasista que non estean asociados ao uso das instalacións e que sexan cubertos mediante cargos.

p. Os custos directos ou indirectos que correspondan ao uso das instalacións de transporte, plantas de gas natural licuado e distribución, e á xestión técnica do sistema ou outras actividades con réxime económico regulado distinto ao da actividade de almacenamento subterráneo básico.

q. Calquera custo relacionado con maiores prestacións das exixidas legalmente ou relacionado con elementos especificamente excluídos pola lexislación.

Artigo 28. *Procedemento de inclusión no réxime retributivo dos investimentos con retribución individualizada.*

1. Toda instalación de almacenamento subterráneo con retribución individualizada se incluírá no réxime retributivo.

2. A solicitude de inclusión no réxime retributivo será presentada polo titular da instalación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e conterá:

a. Autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución e acta de posta en servizo definitiva.

b. Auditoría externa do valor do investimento realizado, detallada por conceptos de custo.

c. Procedemento de concorrencia empregado na adquisición do activo, con declaración expresa de non ter intereses directa ou indirectamente nas empresas adjudicatarias de servizos, instalacións ou subministracións. Este procedemento deberá ser conforme co disposto na Directiva 2014/25/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 febreiro de 2014, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais e pola que se derroga a Directiva 2004/17/CE, e na Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 febreiro de 2014, relativa á adjudicación de contratos de concesión.

d. Declaración expresa de axudas e achegas de fondos públicos ou medidas de efecto equivalente.

e. Declaración de instalacións cedidas ou financiadas total ou parcialmente por terceiros.

f. Declaración expresa de ingresos procedentes da venda de elementos, equipamentos ou instalacións desmanteladas, substituídas ou dadas de baixa, ou pola venda de calquera subproduto asociada a elas, como consecuencia da modificación, ampliación ou substitución de instalacións existentes, ou pola construción de novas instalacións.

3. De conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos expostos no punto anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se será por desistido da súa petición, logo de resolución.

4. A inclusión aprobarase mediante resolución do titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de trámite de audiencia do titular do investimento e informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. A resolución incluírá o valor de investimento recoñecido da instalación, vida útil regulatoria, retribución anual, data de inicio da devindicación da retribución e a retribución anual por investimento desde o primeiro ano de operación ata o ano en que se dita a resolución, calculada conforme o previsto neste real decreto.

6. A resolución será ditada e notificada nun prazo de seis meses desde a recepción da solicitude de inclusión por parte do titular. No caso de que non se dite resolución, o sentido do silencio administrativo será desestimatorio da solicitude.

7. Contra a resolución de inclusión no réxime retributivo, de acordo co disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o titular da Secretaría de Estado de Enerxía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte

ao da notificación da resolución. Transcorrido o dito prazo sen terse interposto o recurso, a resolución será firme para todos os efectos.

Artigo 29. Obrigacións de información dos titulares de almacenamentos básicos.

1. As empresas titulares de instalacións de almacenamento subterráneo de gas natural incluídas na rede básica deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, debidamente auditadas, antes do 1 de xullo de cada ano, as contas anuais e o informe de xestión do exercicio anterior, así como a desagregación das contas anuais para a actividade de almacenamento, indicando os criterios utilizados.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitar ás empresas titulares de instalacións de almacenamento subterráneo básico calquera outra información necesaria para poder fixar a retribución anual da actividade.

Artigo 30. Tratamento retributivo da transmisión de titularidade.

1. No ano de gas de transmisión, o transmitente terá dereito a recibir a retribución do almacenamento transmitido ata o día anterior á data efectiva de transmisión, mentres que o novo titular terá dereito a recibir a retribución desde a data de transmisión ata o final do ano.

2. No caso dunha transmisión parcial, mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e audiencia dos interesados, establecerase a repartición da retribución anual entre os titulares.

3. Os axustes na retribución por operación e mantemento do ano de gas de transmisión, derivados da auditoría anual do almacenamento subterráneo básico, repartiranse entre os titulares implicados de forma proporcional aos seus días de titularidade.

Artigo 31. Retribución de instalacións de almacenamentos con fechamento temporal ou definitivo.

1. En caso de fechamento temporal dun almacenamento ou dalgunha instalación incluída nel, durante a súa duración:

a. Se o fechamento foi por instancias do titular, o almacenamento non devindicará retribución.

b. Se o fechamento foi por instancias da Administración, salvo que a causa de fechamento fose por responsabilidade ou negligencia do titular, o almacenamento devindicará retribución financeira e por custos de operación e mantemento mentres dure o fechamento temporal.

En ambos os casos, a instalación suxeita ao fechamento temporal non se terá en consideración para os efectos da repartición da retribución transitoria por continuidade de subministración, retribución por melloras de produtividade e retribución por extensión de vida útil.

2. En caso de fechamento definitivo total ou parcial dun almacenamento:

a. Detraerase da retribución do ano de gas en que teña lugar a baixa a parte proporcional correspondente ao número de días que estivo pechado.

b. O titular percibirá as cantidades que correspondan pola parte do valor de investimento recoñecido que estea pendente de amortizar na data de fechamento considerada, salvo que:

i. A causa de fechamento fora por responsabilidade ou negligencia do titular.

ii. A instalación obxecto de fechamento sexa substituída por outra instalación do mesmo tipo, caso en que a cantidade aboada en concepto de valor de investimento recoñecido pendente de amortizar se detraerá do valor de investimento da nova instalación.

3. O gas colchón recuperado pasará a ser titularidade do xestor técnico do sistema que poderá vendelo no mercado organizado ou vendelo a distribuidores ou transportistas para o seu uso como gas de operación ou gas talón/colchón. Estes ingresos terán carácter liquidable.

4. O 90 % dos ingresos procedentes da venda de elementos, subprodutos ou material de refugallo do almacenamento terán consideración de ingresos liquidables e declararanse como tales no sistema de liquidacións.

5. A retribución do ano de gas en que teña lugar a baixa calcularase rateando a retribución anual en función do número de días durante os cales o elemento pertenceu á base de activos.

6. En caso de impoñer a obrigación de desmantelamento dun almacenamento observarase o disposto no real decreto de outorgamento da concesión de explotación e no artigo 90.2 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, ou normativa que o substitúa.

TÍTULO III

Canons aplicados ao uso dos almacenamentos subterráneos básicos

Artigo 32. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O presente título ten por obxecto establecer a metodoloxía de cálculo dos canons que serán de aplicación aos usuarios dos servizos de almacenamento básico, inxección e extracción, incluídos na Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía e condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural.

Artigo 33. *Principios xerais.*

1. Os canons de acceso aos almacenamentos básicos destinaranse exclusivamente a sufragar a retribución recoñecida das ditas instalacións, así como o custo do gas de operación asociado á actividade e calquera outro custo liquidable imputado á actividade.

2. A metodoloxía de cálculo basearase nos principios de suficiencia, sustentabilidade económica e financeira, non discriminación entre usuarios, transparencia na metodoloxía de cálculo e simplicidade de aplicación.

3. Os canons aprobados fixaranse por ano de gas, serán comúns para todos os almacenamentos subterráneos básicos, facturaránse aos usuarios en función da capacidade contratada e deberán aboar con independencia do seu uso, excepto no caso da inxección e da extracción dos produtos agregados, en que só se facturará a capacidade asignada.

4. Os canons serán facturados polo xestor técnico do sistema que en ningún caso poderá ofertar descontos sobre os valores publicados e deberá declarar integramente ao sistema de liquidacións as cantidades facturadas con independencia do seu cobramento.

Artigo 34. *Estrutura dos canons.*

1. Os canons aplicables ao uso dos almacenamentos subterráneos compoñeránse dun canon de almacenamento, un canon de inxección e un canon de extracción.

2. Mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicaranse:

a. O canon de almacenamento, que se compoñerá dun termo fixo anual expresado en €/ (kWh/día)/ano.

b. O canon de inxección, que constará dun termo fixo anual expresado en €/ (kWh/día)/ano.

c. O canon de extracción, que constará dun termo fixo anual expresado en €/ (kWh/día)/ano.

3. Todos os canons se expresarán con seis decimais.
4. Os canons aplicables a produtos de capacidade de duración inferior ao ano e a contrafluxo calcularanse aplicando aos canons publicados os correspondentes multiplicadores.

Artigo 35. *Procedemento de cálculo dos canons.*

1. Os canons serán aprobados antes do inicio do ano de gas, mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. En caso de non aprobar novos canons antes da referida data consideraranse prorrogados os vixentes.

2. Os canons calcularanse a partir da agregación dos custos da actividade, incluíndo todas as retribucións recoñecidas aos almacenamentos mediante disposicións expresas, o custo do gas de operación asociado á actividade sufragado polo sistema, incluído o seu imposto asociado, e calquera outro custo que sexa imputable á actividade.

3. O canon de almacenamento destinarase exclusivamente a cubrir os custos fixos das instalacións, mentres que os canons de inxección e de extracción se destinarán a sufragar os custos variables de operación e mantemento, así como o custo do gas de operación.

4. Como custo fixo de almacenamento considerárase a retribución anual publicada no «Boletín Oficial del Estado», incluídas as retribucións provisionais en concepto de custos de operación e mantemento, extensión de vida útil e melloras de produtividade. Como custos de inxección e de extracción consideraranse a previsión de custos de operación e mantemento variables, a previsión de compensación por interrompibilidade recollida no artigo 38 e a previsión do custo do gas de operación, esta imputarase a partes iguais como custo de inxección e custo de extracción. Os ingresos previstos por produtos ou servizos conexas recollidos no artigo 23 descontaranse dos custos fixos ou variables en función da súa natureza.

5. Os desaxustes entre a retribución recoñecida e os ingresos por canons do ano de gas aplicaranse no cálculo do seguinte ano de gas.

6. Os custos de almacenamento, inxección e extracción minoraranse, se for o caso, coas primas resultantes das poxas de capacidade, que se descontarán dos custos de almacenamento, inxección e extracción, en función da poxa onde se xerasen. No caso de poxas de produtos agregados, as primas das poxas descontaranse dos custos de almacenamento, inxección e extracción, proporcionalmente á retribución recoñecida.

7. O canon de almacenamento anual calcularase dividindo os custos fixos entre a capacidade contratada prevista equivalente de almacenamento, mentres que os canons de inxección e de extracción se calcularán dividindo os custos de inxección e extracción entre a capacidade contratada prevista equivalente de inxección e extracción respectivamente.

Artigo 36. *Multiplicadores aplicables a contratos de duración inferior ao ano.*

1. Aos contratos de duración inferior ao ano aplicaráselles o canon en vigor afectado polo multiplicador de curto prazo que corresponda e, se for o caso, polo multiplicador de contrafluxo, que terá en conta a estacionalidade da contratación. Ao canon de almacenamento aplicaráselle os multiplicadores trimestrais, mensuais, diarios e intradiarios, mentres que ao canon de inxección ou de extracción se lle aplicarán os multiplicadores diario e intradiario dos produtos individualizados, así como de contrafluxo.

2. No caso da capacidade agregada de almacenamento, inxección e extracción, o multiplicador aplicarase exclusivamente ao canon de almacenamento.

3. Os multiplicadores fixaranse para cada período regulatorio mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico con anterioridade ao comezo do período. En caso de non ser publicados entenderanse prorrogados os vixentes. Todos os multiplicadores serán adimensionais e arredondaranse a un decimal.

4. No caso dos contratos trimestrais, mensuais e diarios, partírase da estimación dos multiplicadores sen estacionalidade dos contratos trimestrais, mensuais e diarios, que se calcularán de forma que, dado o perfil de contratación do servizo previsto, a facturación do conxunto de contratos nun ano de gas sexa equivalente á que resultaría da aplicación do contrato anual ponderado. Os multiplicadores serán a media dos que resulten de aplicar esta metodoloxía durante os últimos tres anos dispoñibles.

5. No caso dos contratos intradiarios, o multiplicador sen estacionalidade calcularase como produto do multiplicador diario polo intradiario dun contrato de 12 horas. Para este cálculo empregárase a media dos tres anos anteriores dispoñibles.

O multiplicador intradiario do contrato de 12 horas calcularase de forma que, dado o perfil de consumo horario, a facturación do consumidor cun contrato diario sexa equivalente á que se obtería de combinar contratos diarios e intradiarios de 12 horas.

6. Os multiplicadores sen estacionalidade dos contratos trimestrais e mensuais non serán inferiores a 1 nin superiores a 1,5. Os multiplicadores sen estacionalidade aplicables aos contratos diarios e intradiarios non serán inferiores a 1 nin superiores a 3, salvo causa xustificada.

7. Os multiplicadores estacionais calcularanse mediante a seguinte fórmula:

a) Multiplicador mensual.

$$C_{M,m} = [(Q_{m,a} \times 12)^n] \times M_M$$

Onde:

– $C_{M,m}$: multiplicador do mes «m». No caso de que a media aritmética dos valores mensuais supere o valor do multiplicador sen estacionalidade, os multiplicadores deberán axustarse.

– $Q_{m,a}$: proporción da capacidade contratada no mes «m» en relación coa capacidade contratada no ano «a». Empregarase o perfil medio rexistrado nos tres últimos exercicios dispoñibles.

– n: potencia máxima aplicable tal que ningún $C_{M,m}$ sexa inferior á unidade. Tomará un valor comprendido entre 0 e 2.

– M_M : multiplicador mensual sen estacionalidade determinado no número 4.

b) Multiplicador trimestral.

$$C_{T,t} = C_{T0,t} \times M_T$$

Onde:

– $C_{T,t}$: multiplicador do trimestre «t». No caso de que a media aritmética dos coeficientes trimestrais supere o valor do multiplicador sen estacionalidade, os multiplicadores deberán axustarse.

– $C_{T0,t}$: multiplicador de trimestre «t» antes do axuste. Poderase tomar a media aritmética dos multiplicadores mensuais ou un valor intermedio entre os multiplicadores mensuais mínimo e máximo do trimestre.

– M_T : multiplicador trimestral sen estacionalidade determinado no número 4.

c) Multiplicador diario.

$$C_{D,m} = C_{M,m} \times M_D$$

Onde:

– $C_{D,m}$: multiplicador diario do mes «m». No caso de que a media aritmética dos multiplicadores diarios supere o valor do multiplicador sen estacionalidade, os multiplicadores deberán axustarse.

- $C_{M,m}$: multiplicador mensual correspondente ao mes «m», calculado segundo a fórmula da sublínea a).
 - M_D : multiplicador de capacidade diaria sen estacionalidade determinado no punto 4.
- d) Multiplicador intradiario.

$$C_{I,m} = C_{M,m} \times M_I$$

Onde:

- $C_{I,m}$: multiplicador intradiario do mes «m». No caso de que a media aritmética dos multiplicadores intradiarios dun contrato de horas 12 supere o valor do multiplicador sen estacionalidade, os multiplicadores deberán axustarse.
- $C_{M,m}$: multiplicador mensual do mes «m» calculado segundo o establecido na sublínea a).
- M_I : multiplicador de capacidade intradiaria sen estacionalidade determinado no número 5.

8. O multiplicador aplicable aos contratos intradiarios de 24 horas de duración será o correspondente ao contrato diario.

Artigo 37. *Multiplicador aplicable á inxección e á extracción a contrafluxo.*

1. Á inxección e á extracción diaria e intradiaria nomeada en sentido contrario ao sentido do fluxo físico do gas aplicaráselles un multiplicador de valor 1.
2. Este multiplicador poderá ser modificado con anterioridade ao comezo do ano de gas mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Artigo 38. *Compensación por interrompibilidade.*

1. Os usuarios que contratasen capacidade diaria interrompible de inxección/extracción recibirán unha compensación mensual polas interrupcións executadas durante o mes que se calculará mediante a seguinte fórmula:

$$CMI_m = \left(\frac{M_{D,m} \times FI_D \times CEI}{365} \right) \times \sum_{i=1}^n QI_i$$

Onde:

- CMI_m : compensación mensual por interrupción.
- $M_{D,m}$: multiplicador diario do mes «m».
- QI_i : capacidade interrompida na interrupción «i».
- FI_D : factor de interrompibilidade diario.
- CEI : canon de inxección/extracción en vigor.
- n : número de interrupcións de contratos diarios durante o mes «m».

En anos bisestos substituirase 365 por 366.

2. No caso de interrupción de capacidade intradiaria, a compensación mensual por interrompibilidade calcularase mediante a fórmula:

$$CMI_m = \left(\frac{M_{I,m} \times FI_I \times CEI}{8.760} \right) \times \sum_{i=1}^n (QI_i \times H_i)$$

Onde:

- CMI_m : compensación mensual por interrupción.
- $M_{I,m}$: multiplicador intradiario do mes «m».

- Q_i : capacidade interrompida na interrupción «i».
- FI_i : factor de interrompibilidade intradiario.
- CEI: canon de inxección/ extracción en vigor.
- n : número de interrupcións de contratos intradiarios no mes «m».
- H_i : duración en horas do contrato en que se executou a interrupción «i».

En anos bisestos substituirase 8.760 por 8.784.

3. Os termos FI_D e FI_i permanecerán invariables durante todo o ano de gas. Mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico poderanse modificar os ditos valores con anterioridade ao comezo do seguinte ano de gas; en caso contrario consideraranse prorrogados os valores anteriores.

4. A compensación será descontada polo xestor técnico do sistema da factura correspondente ao mes en que tiveron lugar as interrupcións.

Artigo 39. *Facturación.*

1. A facturación dos canons será realizada polo xestor técnico do sistema, con periodicidade mensual, en función da capacidade contratada con independencia da súa utilización, excepto no caso da facturación da inxección e da extracción de produtos agregados, en que só se facturará a capacidade asignada, conforme as seguintes fórmulas:

- a. No caso de contratos de duración anual, trimestral, mensual ou diaria:

$$F_{s,t} = Q_{s,t} * \left(\frac{M_{s,t} * C_s}{365} \right) * D$$

Onde:

- $F_{s,t}$: facturación correspondente ao servizo s e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en euros, con dous decimais.
- $Q_{s,t}$: capacidade contratada correspondente ao servizo s e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en kWh/día.
- $M_{s,t}$: multiplicador aplicable ao servizo s e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria). Para os contratos anuais considerárase un multiplicador de 1.
- C_s : canon correspondente ao servizo s, en €/kWh/día/ano.
- D : número de días do contrato que pertencen ao mes do servizo que se está a facturar.

No caso de anos bisestos substituirase a cifra de 365 por 366.

- b. No caso de contratos de duración intradiaria:

$$F_s = Q_s * \left(\frac{M_s * C_s}{8.760} \right) * H$$

Onde:

- F_s : facturación correspondente ao servizo s, expresada en euros, con dous decimais.
- Q_s : capacidade contratada correspondente ao servizo s, expresada en kWh/día.
- M_s : multiplicador intradiario aplicable ao servizo s.
- C_s : canon correspondente ao servizo s, en €/kWh/día/ano.
- H : duración do contrato expresado en horas.

No caso de anos bisestos substituirase a cifra de 8.760 por 8.784.

2. Ás cantidades anteriores restaráselles, se for o caso, a compensación por interrompibilidade derivada das interrupcións executadas no mes.

Disposición adicional primeira. Procedemento de liquidación.

Para os efectos da aplicación do artigo 35 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, a partir do 1 de outubro de 2021, as liquidacións realizaranse por ano de gas e por actividade, diferenciando os ingresos obtidos pola aplicación de peaxes, canons e cargos.

Disposición adicional segunda. Desenvolvemento do Real decreto lei 13/2012, do 30 marzo.

En virtude da habilitación outorgada ao Goberno na disposición derradeira sétima do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, no caso de que non se autorizase finalmente a inxección de todo o volume de gas colchón previsto na autorización administrativa dun almacenamento subterráneo, para os efectos da solicitude da acta de posta en servizo definitiva, conforme o artigo 14.4 do citado real decreto lei, os parámetros nominais que se utilicen serán os dispostos na autorización administrativa multiplicados polo coeficiente que resulte de dividir o volume de almacenamento operativo máximo do último ciclo de inxección-extracción dispoñible entre a capacidade de almacenamento nominal que figure na resolución de autorización.

Se por razóns xustificadas é necesario inxectar todo o gas colchón e o almacenamento non alcanza os parámetros nominais que figuran na autorización, poderase reducir a súa retribución anual de maneira proporcional.

Disposición adicional terceira. Reintegro de retribucións provisionais do operador do mercado organizado de gas natural.

Se, como consecuencia de fixar unha retribución definitiva ao operador do mercado organizado de gas inferior ás retribucións provisionais recoñecidas, se establece o reintegro de parte delas, estas aplicaranse á cantidade que se vai recadar en concepto de cargos.

Disposición transitoria primeira. Período transitorio.

1. Antes do 1 de xaneiro de 2021, mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico determinarase a retribución da actividade de almacenamento subterráneo básico, así como os canons de acceso para o primeiro ano de gas do período regulatorio, que incluírá exclusivamente o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2021.

Antes do 1 de outubro de 2021, deberase aprobar a orde ministerial coa retribución anual e os canons de acceso correspondente ao ano de gas comprendido entre o 1 de outubro de 2021 o 30 de setembro de 2022.

Disposición transitoria segunda. Retribución transitoria por continuidade de subministración.

1. A retribución anual transitoria por continuidade de subministración de cada empresa calcularase a partir da retribución por continuidade de subministración do ano 2020, RCS₂₀₂₀, definida no anexo XI da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e reducirase gradualmente, conforme a seguinte táboa:

2021 (xan 21-set 21)	2022 (out 21-set 22)	2023 (out 22-set 23)	2024 (out 23-set 24)	2025 (out 24-set 25)	2026 (out 25-set 26)
3/4*95% RCS ₂₀₂₀	80% RCS ₂₀₂₀	65% RCS ₂₀₂₀	50% RCS ₂₀₂₀	35% RCS ₂₀₂₀	20% RCS ₂₀₂₀

2. A partir do 1 de outubro de 2026 a retribución transitoria será 0 €.

Disposición transitoria terceira. *Ingresos liquidables procedentes dos produtos e servizos conexos.*

Ata que mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico non se determine a porcentaxe de ingresos procedentes da prestación de servizos ou produtos conexos por parte dos titulares dos almacenamentos que se empregarán na minoración da súa retribución conforme o disposto no artigo 23, a dita porcentaxe fíxase no 90 % para a venda de condensados e no 50 % para o resto de produtos e servizos.

Disposición transitoria cuarta. *Retribución por melloras de produtividade.*

Para o período regulatorio que comeza o 1 de xaneiro de 2021, o termo R que se emprega na fórmula da retribución por melloras de produtividade terá un valor de 0,5. Así mesmo, para o dito período regulatorio e para o cálculo dos valores de referencia que se aplican na fórmula de retribución, aplicarase a media aritmética dos valores dos anos 2018, 2019 e 2020.

Disposición transitoria quinta. *Compensación por interrompibilidade.*

A partir do 1 de xaneiro de 2021, os termos FI_D e FI_I que se empregan na fórmula da compensación por interrompibilidade terán o valor de 3.

Disposición transitoria sexta. *Inspeccións periódicas que se realizan durante o ano 2020.*

Para os efectos de que as empresas distribuidoras e instaladoras poidan realizar eficazmente as inspeccións periódicas nas instalacións receptoras de combustibles gasosos por canalización cuxa realización estaba prevista durante o estado de alarma declarado mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as inspeccións cuxa realización sexa obrigada durante o ano 2020, de conformidade co número 4.1 da ITC ICG-07 do Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproban o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, poderán realizarse tamén durante o primeiro trimestre do ano 2021, sempre de conformidade cos prazos de comunicacións, cos prazos de elección de axente habilitado para realizar a inspección e cos prazos de presentación de certificado de realización, previstos no Real decreto 984/2015, do 30 outubro, polo que se regula o mercado organizado de gas e o acceso de terceiros ás instalacións do sistema de gas natural.

Disposición transitoria sétima. *Ano de referencia para probas de inxección e de extracción.*

No caso dos almacenamentos que se encontren no momento de entrada en vigor do presente real decreto na situación descrita na disposición adicional segunda, poderanse ter en conta as probas de inxección e de extracción realizadas no ano natural 2020.

Disposición transitoria oitava. *Exención da aplicación de cargos ao gas natural usado como carburante.*

No período regulatorio que comeza o 1 de xaneiro de 2021, o gas natural usado como carburante e subministrado desde instalacións destinadas exclusivamente para este fin, así como o gas natural licuado usado tamén como carburante terrestre ou marítimo, quedarán exentos da aplicación dos cargos referidos no artigo 8.1.b. Antes do comezo do seguinte período regulatorio, mediante orde da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico aprobarase, se for o caso, a continuación da exención durante os seguintes períodos regulatorios.

Disposición derogatoria única. *Derogación xeral.*

Quedan derogadas cantas disposicións normativas de igual ou menor rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

A partir do 1 de xaneiro de 2021 quedan derogados os artigos 15 a 24, ambos incluídos, do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, a excepción do último parágrafo do número 2 do artigo 20.

A partir do 1 de xaneiro de 2021 queda derogada a Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural incluídos na rede básica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.*

Modifícase o título e o contido do artigo 27 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, polo texto que se indica a seguir:

«Artigo 27. *Estrutura da tarifa de último recurso.*

A tarifa de último recurso do gas natural descompoñerase en diferentes chanzos en función do volume de consumo anual, estes chanzos coincidirán cos niveis das peaxes de rede local da Circular 6/2020, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte, redes locais e regasificación de gas natural.

Estes chanzos serán tamén empregados nas tarifas aplicadas polos distribuidores á subministración de gas manufacturados en territorios extrapeninsulares que non contén con conexión coa rede de gasodutos.»

Disposición derradeira segunda. *Aplicación gradual da penalización por insuficiente prudencia financeira.*

Para os efectos de posibilitar a adaptación das empresas aos rangos de valores recomendables, a penalización establecida no artigo 24 non será aplicable ata o ano natural 2024 sobre a base dun índice global de ratios baseado nos estados financeiros do ano natural 2022.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para a aplicación do real decreto.*

1. Autorízase o titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que resulten necesarias para asegurar a adecuada aplicación do presente real decreto, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

2. Mediante orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico poderanse determinar o procedemento de cálculo, aplicación e facturación, así como puntos de aplicación de cargos unitarios destinados a recadar partidas que, conforme o disposto no artigo 59.4 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, deban ser financiadas mediante cargos.

3. Habilitase o titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para desenvolver o procedemento de transición do réxime de liquidacións, minimizando os cambios que se realizan no actual procedemento de declaración de información dos usuarios.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os títulos II e III, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2021, e a disposición derradeira primeira e o título I, que entrarán en vigor o 1 de outubro de 2021.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta cuarta do Goberno
e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO I

Instalacións con retribución individualizada

1. Instalacións susceptibles de retribución individualizada:
 - a. Instalacións de subsolo
 - i. Pozos de inxección/produción.
 - ii. Pozos de control.
 - iii. Árbores de produción.
 - b. Gasodutos/oleodutos internos do almacenamento.
 - c. Plataforma *off-shore* e/ou estrutura mariña.
 - d. Instalacións de obra civil terrestre do almacenamento subterráneo, en que se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a adquisición/ concesión de terreos, os accesos, as infraestruturas terrestres, o edificio principal e os edificios auxiliares e instalacións destinadas a dar servizo e velar polo adecuado funcionamento, a seguridade e o bo estado dos equipamentos e instalacións do almacenamento subterráneo.
 - e. Instalacións industriais en superficie ou en plataforma *off-shore* necesarias para a xestión, operación e control do almacenamento subterráneo. As ditas instalacións incluírán todos aqueles equipamentos e servizos auxiliares necesarios para a operación, comunicación, protección, control e subministración eléctrica delas, así como as edificacións, equipamentos informáticos, instalacións de odorización e control de calidade de gas, instalacións de conexión e outros elementos auxiliares necesarios para o seu adecuado funcionamento no momento da súa posta en servizo. Dentro destas instalacións identifícanse, sen efecto limitativo:
 - i. Separadores gas-auga en alta presión.
 - ii. Distribuidores produción/inxección en alta presión.
 - iii. Compresores para a inxección de gas.
 - iv. Sistemas redutores de presión.
 - v. Bombas para a inxección de metanol.
 - vi. Unidades de secado con rexeneradores de trietilenglicol.
 - vii. Sistema de medida en que se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, as liñas de medida individuais, e as estacións de regulación e/ou medida.
 - viii. Servizos auxiliares do almacenamento subterráneo, en que se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: as instalacións de odorización e control de calidade de gas, o sistema de aire comprimido, o sistema de nitróxeno, o sistema de auga, o sistema de detección e control de incendios (DCI).
 - ix. Sistema de subministración eléctrica do almacenamento subterráneo, en que se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: as acometidas eléctricas externas, os transformadores, as instalacións eléctricas (cablaxes, proteccións, etc.), o sistema de alimentación ininterrompible, o sistema de xestión eléctrica, e o sistema de xeración autónomo.
 - x. Sistema de xestión e control do almacenamento subterráneo en que se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: os elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de protección, seguridade, comunicación, control, así como calquera elemento ou sistema auxiliar necesario para o correcto funcionamento do almacenamento subterráneo, entre os que destacan: a instrumentación xeral da planta, o sistema de control distribuído (SCD), o sistema de seguridade de procesos (SSP), o sistema de seguridade activa (SSA) e o sistema de xestión de seguridade patrimonial (SXSP).
 - xi. Outras instalacións ou servizos necesarios para xestión, operación e control do almacenamento subterráneo.

2. Tamén serán susceptibles de ser recoñecidos como instalacións con retribución individualizada nos almacenamentos subterráneos os seguintes investimentos:

- a. Substitucións, ou renovacións, integrais con autorización administrativa previa das instalacións referidas no punto anterior cando finalizasen a súa vida útil retributiva.
- b. Ampliación ou transformacións con autorización administrativa previa das instalacións referidas no punto anterior que fan posible que o almacenamento subterráneo aumente a súa capacidade de almacenamento, de extracción ou de inxección de gas.
- c. Investimentos en investigación e exploración con autorización administrativa previa que sexan realizados na concesión de explotación de almacenamento.
- d. Buques e helicópteros que sexan adecuados e necesarios para dar servizo e velar polo adecuado funcionamento, a seguridade e o bo estado dos equipamentos e instalacións das instalacións *off-shore* do almacenamento subterráneo.
- e. Vehículos terrestres que, de acordo co anexo II do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, sexan adecuados e necesarios para dar servizo e velar polo adecuado funcionamento, a seguridade e o bo estado dos equipamentos e instalacións terrestres do almacenamento subterráneo.

ANEXO II

Vida útil das instalacións

1. Os novos investimentos que se inclúan no réxime retributivo con retribución individualizada terán a seguinte vida útil para os efectos do cálculo das amortizacións:

- a. Instalacións de obra civil terrestre: 50 anos.
- b. Gas colchón: 20 anos.
- c. Plataforma *off-shore* e/ou estrutura mariña: 20 anos.
- d. Instalacións industriais en superficie ou en plataforma *off-shore*: 20 anos.
- e. Gasodutos/oleodutos internos do almacenamento: 40 anos.
- f. Instalacións de subsolo: 20 anos.
- g. Investimentos en investigación e exploración: 10 anos.
- h. Vehículos terrestres: 10 anos.
- i. Buques e helicópteros: 20 anos.

2. Para calquera nova instalación non incluída na lista anterior e que non poida asimilarse a ningunha delas observarase o disposto na táboa de coeficientes máximos de amortización lineal da Axencia Tributaria e a práctica habitual empresarial.

3. Ás instalacións xa incluídas no réxime retributivo e ás que fosen autorizadas e aínda non estean incluídas no réxime retributivo aplicaráselles a vida útil en vigor.

INGRESOS RECORRENTES

En euros	DIRECTOS				INDIRECTOS				TOTAL
	FIXOS	VARIABLES INXECCIÓN	VARIABLES EXTRACCIÓN	TOTAL CUSTOS DIRECTOS	FIXOS	VARIABLES INXECCIÓN	VARIABLES EXTRACCIÓN	TOTAL CUSTOS INDIRECTOS	
Subvencións				0				0	0
Arrendamentos				0				0	0
Venda doutros produtos (combustibles lixeiros, etc.)				0				0	0
Venda de servizos				0				0	0
Ingresos por gas de operación				0				0	0
Outros ingresos de explotación				0				0	0
Total ingresos de explotación recorrentes	0	0	0	0	0	0	0	0	0

GASTOS / CUSTOS NON RECORRENTES

En euros	DESCRIPCIÓN	INICIO (mes/año)	FIN (mes/año)	IMPORTE
Actuación intraanual 1				
Actuación intraanual 2				
Actuación intraanual 3				
Total intranuais				0

Actuación plurianual 1				
Actuación plurianual 2				
Actuación plurianual 3				
Total plurianuais				0

INGRESOS NON RECORRENTES

En euros	DESCRIPCIÓN	INICIO (mes/año)	FIN (mes/año)	IMPORTE
Actuación intraanual 1				
Actuación intraanual 2				
Actuación intraanual 3				
Total intranuais				0

Actuación plurianual 1				
Actuación plurianual 2				
Actuación plurianual 3				
Total plurianuais				0

Total gastos de explotación				0
Total ingresos de explotación				0

INSTRUCCIÓNS DE FORMALIZACIÓN

A información anual desagregarase por gastos e ingresos recorrentes e non recorrentes; directos e indirectos e fixos e variables, atendendo aos seguintes criterios:

1. Desagregación de gastos e ingresos entre recorrentes e non recorrentes: considéranse «gastos/ingresos recorrentes» aquelas partidas constantes na explotación do almacenamento. Pola súa banda, considéranse «gastos/ingresos non recorrentes» as actuacións puntuais (ex. *work-over*), xa sexan plurianuais ou intraanuais, ou custos ou ingresos extraordinarios.

2. Desagregación de custos/gastos entre directos e indirectos. Para cada unha das partidas de explotación repartiranse entre directos e indirectos, indicando a metodoloxía e criterios empregados para a dita desagregación. Considéranse custos directos os correspondentes ou asociados á propia instalación e indirectos os que correspondan aos servizos facilitados pola estrutura do grupo.

3. Desagregación de custos/gastos entre fixos e variables. Para cada unha das partidas os gastos de explotación repartiranse entre fixos e variables de inxección ou variables de extracción, indicando a metodoloxía e os criterios empregados para a dita desagregación.

En canto ás partidas de custos e ingresos identificados recóllense a seguir os criterios que se aplican para a súa formalización:

1. Con carácter xeral, no caso de que algunha das partidas de detalle supere un 10% sobre o total de gastos de explotación, requirirase unha desagregación adicional desta partida de detalle que permita identificar os principais custos que a compoñen.

2. Sobre compras, tributos e taxas, servizos exteriores, persoal. Desagregaranse segundo as partidas de detalle indicadas. Hai que sinalar que sobre o gas de operación se solicita o detalle económico do seu custo.

3. Outros gastos de explotación. Indicaranse os gastos de operación e mantemento non incluídos nas partidas anteriormente mencionadas (compras, tributos e taxas, servizos exteriores, persoal), debidamente detallados e xustificados.

4. Subvencións. Deberán indicarse, se for o caso, os ingresos que houbo polas subvencións á explotación recibidas en cada ano para o conxunto da actividade. Adicionalmente, indicaranse as subvencións pendentes de recibir en 31 de decembro de cada ano, expresadas en euros.

5. Ingresos por gas de operación. Solicítase o detalle económico do ingreso por gas de operación incluído nas liquidacións.

6. Venda de produtos e servizos, así como ingresos por arrendamentos ou produtos e servizos conexos. Se for o caso, detallaranse os ingresos por venda de condensados.

7. Os custos non incluírán custos financeiros, nin amortizacións, nin provisións por desmantelamento e abandono do almacenamento. Os ingresos non incluírán os correspondentes á retribución por investimentos incluídos nas liquidacións do sector do gas natural.